

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007788	CPI Plurilingüe de Navia de Suarna	Navia de Suarna	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	30
4.2. Materiais e recursos didácticos	32
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	32
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	39

1. Introducción

A) XUSTIFICACIÓN

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade da Educación, modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación e define o currículo como a regulación de elementos reguladores que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das clases.

O currículo incluírá os obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa; as competencias ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos específicos para cada fase de ensino e a educación, para garantir a boa execución das actividades e a resolución efectiva dos problemas complexos, contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades e actitudes que contribúan á realización dos obxectivos de cada etapa da educación e ensino e desenvolvemento de competencias; metodoloxía didáctica, incluíndo tanto a descrición das prácticas de ensino como a organización do traballo dos profesores; estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis; e os criterios para avaliar o grao de competencia e os obxectivos de cada ensino e prácticas educativas.

Os contidos organízanse en disciplinas, que están clasificados en materiais, ámbitos, áreas e módulos con base no ensino, niveis educativos ou programas que envolven a alumnado.

Posteriormente, o Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, establece o currículo básico Ensino Fundamental para todo o Estado Español e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

B) CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI Navia de Suarna atópase situado na capital do concello de Navia de Suarna.

Trátase dun concello ubicado na área montañosa da Galicia oriental, concretamente na zona septentrional da Serra dos Ancares. Ten unha superficie de 242 km² distribuíndose a súa escasa poboación de forma moi diseminada en 20 parroquias e 103 lugares, feito que provoca unha baixa densidade poboacional.

É esta unha comarca moi accidentada na que predomina unha paisaxe montañosa formada polas estribacións da Serra dos Ancares ao Sur e Leste e polas pequenas alineacións con dirección NO-SE pertencentes ás Serras

de Pedruñais e á de Meira na parte occidental do concello. Estas zonas montañosas alternan coa zona formada polo val do río Navia, profundamente encaixado, que cruza o termo municipal de SO a NE no que existe unha ampla zona de terreos aptos para o cultivo.

Demograficamente, o concello de Navia, ao igual que moitos outros concellos da Galicia interior, van perdendo de forma moi significativa poboación, froito de factores como a dureza das condicións orográficas e climáticas da zona e tamén por factores extrínsecos coma o proxecto de creación do encoro do Gran Suarna que limitou as posibilidades tanto económicas como demográficas de todo o concello. Na actualidade o seu censo segundo o INE (Revisión do Padrón municipal de 2001) é de 1.916 habitantes, poboación en gran medida envellecida.

Coa excepción ao pequeno comercio da vila de Navia, a economía do concello baséase sobre o sector primario, fundamentalmente na agricultura e a gandería. A pesar da extensión do concello a superficie cultivada só supón aproximadamente o 11,4%. A superficie adicada a prados e pastizais constitúe case o 10%, mentres que a superficie forestal exténdese case polo 76% da superficie, o que indica a importancia do sector forestal como fonte de ingresos das familias labregas.

Outros dos subsectores importantes na economía de Navia é o gandeiro destacando o porcino, vacuno e ovino.

Alén disto, na Pobra de Navia como capital do concello, existen diversos establecementos comerciais aos que acoden a abastecerse os veciños das parroquias rurais. Outros dos sectores que está a cobrar importancia por causa das magníficas paisaxes, o patrimonio cultural e o mesmo río Navia é o do turismo

- CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O C.P.I. Navia de Suarna é un centro con 8 unidades recoñecidas, das cales 2 son de Educación Primaria, aínda que na realidade funcionan tres unidades, xa que se habilita unha de Infantil.

No que respecta a Primaria o centro conta cunha mestra definitiva especialista de lingua estranxeira, outro de EF en comisión de servizos, unha especialista en AL xunto cunha mestra compartida para Relixión. Ao seren un C.P.I. gozamos igualmente de especialistas en Pedagogía Terapéutica e Orientación.

Contamos con un número reducido de alumnado posto que toda Educación Primaria e E infantil só alcanza os 13 alumnos/as.

Por como se pode adiviñar do anteriormente explicado esta programación non pode axustarse aos obxectivos e criterios de avaliación que permite a aplicación. É un aula mixta na que se mesturan obxectivos dos tres cursos que conviven na aula

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Canto me alegro de verte!	Identidade lingüística (linguas da nosa contorna.) Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral: presencial, telefónica, videoconferencia... Canles de comunicación escrita: manuscrita, impresa e dixital... Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, uso de maiúsculas/minúsculas.	13	18	X		
2	E ti como es?	Diversidade lingüística (distintas formas do galego) escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral (escoitar, respectar quendas, intervir cando corresponda). Lectura comprensiva de textos escritos. Creación colectiva de textos. Interpretación e elaboración de textos instructivos (manuais, guías, prospectos...) Sustantivo, prefixo, normas de acentuación, ditongos.	13	18	X		
3	Soñemos	Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais (expositivos, instructivos, debates). Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos (literarios, de opinión, descritivos...) Elaboración de textos expositivos multimodais que supoñen procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación, con asignación de diferentes roles no grupo. Adxectivos, prefixos, sufixos, hiatos.	13	18	X		
4	Non me veñas con ese conto!	A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias. A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos. Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. Determinantes (artigo, posesivo, demostrativo) Normas de uso cc/ct.	13	18		X	
5	Pola mañá cedo	A poesía recitada e as cancións. Estrutura da linguaxe poética, métrica e rima. A linguaxe poética, ritmo, emocións e recursos literarios. Pronomes. Coma e punto.	12	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Umm que rico!	Expresión de vivencias persoais. As experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, descricións de persoas. O verbo, raíz e desinencias. Uso de "b" e "v".	12	18		X	
7	Abre o pano	O debate como forma ordeada de intercambio de ideas, con respecto polas diferentes opinións, Textos argumentativos, informativos e de opinión. O verbo (conxugación, número e persoa.) Os xentilicios	12	16			X
8	Querido diario	O debate (xogo de roles e asimilación da postura contraria). A entrevista (interacción coa persoa entrevistada) A entrevista (preparación previa e redacción) O verbo (tempo, modo e forma). Uso da "x" e "s". Aumentativos e diminutivos.	12	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Canto me alegre de verte!	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escrebe un texto breve instructivo de forma comprensiva.	PE	34
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escrebe un texto breve con acentuación correcta.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora textos instrutivos lidos previamente cun vocabulario adecuado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polos compañeiros e compañeiras con lingua materna diferente	TI	66
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa, o galego, o castelán e o inglés.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiros e compañeiras con lingua ou cultura familiar diferente.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume unha comunicación oral breve.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Producir textos escritos con axuda		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	participar activamente		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60 segundos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.

Contidos

- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet.
- Xéneros discursivos
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario , así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	E ti como es?	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece o galego, o castelán e o inglés en textos escritos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Resume correctamente un breve texto de 100/150 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Diferencia textos escritos pola súa intención: literarios ou informativos.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con redacción correcta e vocabulario non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais con redacción correcta e presentación acompañada de imaxes de maneira equilibrada.	PE	72
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece en textos transcritos conversas entre iguais comparadas con conversas docente/discente.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con corrección na concordancia e na acentuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os sustantivos nun texto escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece a totalidade dos sustantivos dun texto de 100/150 palabras, a través do contexto ou coa axuda do dicionario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Recoñece nas conversas os interlocutores e interlocutoras en galego.	TI	28
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas cos demais.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe respectuosa con todos os compañeiros e compañeiras		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Ser respectuoso		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: produción oral - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.

Contidos

- Procesos: comprensión lectora
- Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Soñemos	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Identifica nun texto oído de 100/150 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas	PE	52
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa valoración persoal sobre un texto escrito seleccionado por el/ela mesmo/a		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabra clave en textos breves		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Clasifica diferentes textos en función do contido e da presenza ou non de elementos paratextuais		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Elabora un documento dixital con título, texto e imaxe, correctamente organizado		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos escritos e multimodais con uso correcto e axeitado de adxectivos		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece en textos os nomes e adxectivos		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa as súas ideas con claridade e vocabulario axeitado en situacións propostas na clase		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	participar activamente		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias recentes.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Utiliza correctamente clasificación na biblioteca na busca de libros por temática		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un documento orixinal a partir de dúas fontes documentais diferentes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Comunica e defende un texto multimodal elaborado a partir de información obtida noutros textos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Recoñece as diferentes temáticas e a súa identificación e ubicación na biblioteca		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Ser respectuoso		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais. - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe

Contidos

- (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
4	Non me veñas con ese conto!	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Redacta un resumo de textos narrados con coherencia e claridade	PE	37
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Identifica e clasifica textos segundo o seu formato literario: prosa, poesía.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta un texto narrativo con intención literaria, cunha trama e personaxes definidos.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Identifica textos literarios narrativos fronte a textos instructivos ou informativos.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Elabora textos narrativos en prosa nos que da voz aos personaxes.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os determinantes nun texto narrativo breve.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Expresa unha valoración emocional sobre unha breve historia narrada	TI	63
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Resume un texto narrativo breve, con vocabulario axeitado.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Interésase polo final de textos narrativos antes de lelos.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa lectura fluída en textos literarios narrativos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Utiliza regularmente os momentos de lectura de xeito adecuado		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Aporta opinións persoais nos debates literarios		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Manifesta preferencias por tipo de narrativa ou autor/a.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Rexistra un número de lecturas suficiente, marcado no comezo de curso.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Coñece o funcionamento da biblioteca, e a súa organización para buscar fondos e recursos		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Participa activamente en representacións lidas e escenificacións teatrais.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisa e mellora textos narrativos previamente elaborados		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Procesos: comprensión lectora
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.

UD	Título da UD	Duración
5	Pola mañá cedo	18

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza a métrica e a rima dun poema.	PE	37
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos literarios expresando as súas emocións.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece algún recurso literario.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe progresivamente sen faltas de ortografía progresando nas normas gramaticais.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Recita poemas de maneira autónoma de xeito coherente.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Participar activamente		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le poesía con correcta entoación e ritmo		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresa a súa valoración sobre poemas e cancións.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte a lectura a través de comunidades lectoras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Manifesta preferencias dentro do mundo da poesía		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente en foros literarios		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Emprega tono e actitude axeitadas nas representacións literarias lidas ou interpretadas.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Expresa emocións coa lectura e audición de textos literarios poéticos e cancións, con relación ao seu contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma

Contidos

- (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Umm que rico!	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un autorretrato breve, con características axeitadas.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Utiliza nunha narración propia un vocabulario axeitado e sen redundancias		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Utiliza as formas verbais de maneira correcta en exemplos comúns.	PE	45
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira acompañada, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Reelabora textos descriptivos modificando formas verbais sen cambiar o significado		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Mellora a redacción de textos de vivencias pesoais logo da súa lectura		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza correctamente o b/v en exercicios con vocabulario adecuado		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Transmite aos e ás demais oralmente as súas emocións		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Nas descricións persoais reconece aspectos positivos e negativos.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Investigar con axuda	TI	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Ser respectuoso		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Usar a biblioteca habitualmente		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Ser respectuoso		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Obter facer da lectura		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Facer unha exposición oral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. - Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información. - Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.

Contidos

- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da or
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.

UD	Título da UD	Duración
7	Abre o pano	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Recoñece e comprende distintos tipos de textos	PE	34
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Explica brevemente un proceso de investigación previo.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Diferenza algunhas categorías gramaticais recoñecendo o verbo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Participa nos debates con corrección e respecto polas opinións das demais persoas.	TI	66
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expón as súas opinións de xeito fluído		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	PARTICIPAR ACTIVAMENTE		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa coherentemente as súas opinións		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Ser respectuoso		
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	Escoita as opinións alleas		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Respecta as diferentes opinións a través do pensamento crítico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.

Contidos

- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Querido diario	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica linguaxe discriminatoria nun texto escrito.	PE	55
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Redacta un resumo dun debate previo, con indicación de opinións encontradas, e da súa propia.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta texto argumentativo expresando con criterio a opinión sobre un problema social de carácter discriminatorio.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelabora de forma máis comprensiva textos propostos, axudándose do dicionario físico ou dixital.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Realiza correctamente exercicios de discriminación de palabras con g/j. Utiliza correctamente aumentativos e diminutivos de palabras dadas		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Demostra empatía e coñecemento do argumento do contrario nun debate	TI	45
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	É propositivo en situacións de conflitos de convivencia.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Localiza os recursos de biblioteca axeitados para preparar unha entrevista a unha persoa coñecida.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral.

Contidos

- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: produción oral
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua ten que perseguir que o alumno/a adquira un sistema de signos, pero tamén o seu significado cultural e o modo en que as persoas integran a realidade. Que a linguaxe lle sirva de instrumento cultural de regulación da convivencia, de expresión de ideas, sentimentos e emocións e de regulación da propia conduta. Tamén ten que perseguir que o alumno/a sexa capaz de construír unha representación do mundo compartida e que sexa capaz de comunicala. En definitiva, que sexa capaz de desenvolverse con facilidade en diferentes situacións da vida e especialmente na escola, utilizando os textos académicos para a aprendizaxe e o desenvolvemento do resto de áreas.

O ensino da área ten que partir do uso da lingua que os alumnos xa adquiriron ao comezo da etapa. Partindo disto, terase que ampliar a competencia comunicativa e lingüística de forma que sexan capaces de interactuar en todos os ámbitos sociais nos cales participan.

O uso social da lingua en contextos familiares, privados, públicos e escolares, teñen que ser o fío condutor dos contidos da área.

Tense que entender a lingua desde a perspectiva global, posto que os diferentes bloques de contidos en que se articula a área non poden corresponder á práctica docente, senón que esta tense que enfrontar relacionando os diferentes bloques, posto que todos eles están moi relacionados.

A integración das competencias e as intelixencias múltiples á área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e pór en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

- Nas tarefas integradas.
- Nas dobres páxinas a final de cada unidade didáctica do libro do alumno/a.
- Nas actividades competenciais e de intelixencias múltiples do libro guía.
- Nos proxectos específicos trimestrais.

É a través destes proxectos e tarefas integradas que os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se utilizarán e en relación coa elaboración e presentación do proxecto, a súa

corrección e, finalmente, a exposición, todo nunha contorna de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as propias ideas.

Á hora de avaliar, a rúbrica de avaliación convértese nun instrumento ou nunha guía para que o profesor/a teña unha serie de criterios avaliáveis de coñecementos e competencias, en diferentes graos de consecución, acadados polo alumno/a.

O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, posto que nos permite motivar o alumno/a, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os contidos novos.
- Progresiva e coidadosa incorporación de coñecementos novos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Quinto curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificados que teñen en conta competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en Proxectos e en tarefas integradas, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.

A maiores e o tratárense dunha aula na que se traballará con ordenadores o papel do profesor vai ser diferente posto que non haberá un plantexamento tradicional no que a figura do profesor é a central senón que pasará a ser un instrumento para o desenvolvemento da clase fomentando así a autonomía. O mestre é simplemente guía e solucionador de problemas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles de alumnado
Portátil de aula e do docente, e PDI
Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados
Material funxible do alumnado: caderno, lápiz, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de ficción.
Fontes documentais de internet

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: representacións teatrais, producións audiovisuais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará:

Análise dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.

Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.

Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.

Redación dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redación, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

Redación dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.

Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algúnha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	13	13	13	12	12	12	12	100
Proba escrita	34	72	52	37	37	45	34	55	46
Táboa de indicadores	66	28	48	63	63	55	66	45	54

Criterios de cualificación:

1. Realización dos proxectos propostos, exposicións orais, autoavaliación, coavaliación

50,00%

- Ter comprensión global e ao detalle dun texto escrito ou oral
- Ler de forma axeitada un texto escrito.
- Escribir textos narrativos, instructivos, ou expositivos con corrección ortográfica e gramatical propia do seu nivel
- Expresar con eficiencia
- Coñecer os conceptos fundamentais do curso.
- Aplicar as normas ortográficas coñecidas
- Presentar correctamente (limpeza, caligrafía...)

2. Observación directa sobre o traballo e participación na aula

20,00%

- Participa activamente en actividades individuais ou colectivas, amosa interese, aproveita o tempo na clase, presenta correctamente (limpeza...)

3. Adecuación das tarefas a entregar

20,00% - Cumpre os prazos de entrega. - Presenta correctamente (limpeza...)

4. Observación directa de: - comportamento- traballo en grupo- interese pola materia

10,00%- Participa activamente en actividades individuais ou colectivas- Respecta aos demais e as normas do centro.- Amosa interese - Coida o material

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Realizarase a través do mestre ou mestra de área, e de ser preciso contarase co profesorado con dispoñibilidade horaria ou cos especialistas de PT e/ou AL se así o considera o Departamento de Orientación. Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan autoxestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da unidade diáctica 9, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

Co obxecto de nos axustar o máximo posible á realidade dos nosos alumnos, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

-Que valorar: rendemento do alumno no ciclo anterior, personalidade, afeccións e intereses, situación económica e cultural da familia.

-Como obter a información: Informes de titores anteriores, cuestionario previo aos alumnos, entrevista individual, cuestionario aos pais, entrevista cos pais.

Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de resposta en

función das situacións de distinta natureza que imos encontrar:

-Adaptacións curriculares non-significativas.

-Adaptacións curriculares significativas.

8.1. ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS

Aconséllase o seu uso cando as dificultades de aprendizaxe non son moi importantes.

As características fundamentais deste tipo de medidas son as seguintes:

-Non precisan dunha organización moi diferente da habitual.

-Non lles afectan aos compoñentes prescritivos do currículo.

Aínda que en cada unha das áreas se aplicarán de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferenzas individuais dos alumnos, quixemos establecer unha serie de pautas ou directrices xerais que actúen como marco de referencia para o conxunto do profesorado e que sirvan para unificar as actuacións de cada profesor.

-Programación de contidos e actividades.

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e

nas actividades. Esta diferenciación de niveis responderá tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe coma aos diverxentes intereses e motivacións dos alumnos.

-Contidos.

Dentro do conxunto de contidos que lle asignaremos para a súa aprendizaxe por parte dos alumnos a cada área e curso, estableceremos unha diferenciación entre información básica e información complementaria. É dicir, en primeiro lugar fixaremos un corpo de contidos esenciais que deben ser aprendidos por todos para alcanzar os obxectivos previstos. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados ou non en función das peculiaridades e das necesidades de cada alumno.

- Actividades.

As actividades organizaranse por categorías en función da súa distinta finalidade. Por un lado, contemplaremos actividades de reforzo, de consolidación daquelas aprendizaxes que consideramos básicas; para iso, o nivel de dificultade das tarefas propostas estará en consonancia coa asequibilidade media que caracteriza a información esencial. Propóranse actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

-Metodoloxías diversas.

O mellor método de ensinanza para alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes e á inversa. É dicir, os métodos non son mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

-Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.

-A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.

-A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

- Material didáctico complementario.

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o

proceso de ensinanza e aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue catro obxectivos:

-Ampliar e afondar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento de área.

-Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada área.

-Enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.

-Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite o seguinte:

-Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.

-Propoñer actividades de reforzo ou ampliación segundo as necesidades de cada grupo.

-Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

8.2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Consisten basicamente na adecuación dos obxectivos educativos, na eliminación ou na inclusión de determinados contidos esenciais e na conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

-Destinatarios.

Estas adaptacións lévanse a cabo para lles ofrecer un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais. Dentro deste colectivo de alumnos, contémpanse tanto aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, como os que posúen un historial escolar e social que produciu “lagoas” que impiden a adquisición de novos contidos e, á vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

-Finalidade. Tenderán a que os alumnos alcancen as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último deberá ser proporcionarlle a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando que esa resposta se aparte o menos posible das que son comúns para todos os alumnos.

1. -Avaliación e diagnóstico previo. O maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e do diagnóstico previo de cada alumno, que debe realizar o Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á unha obra teatral	Obra teatral	X	X	X
Participación nas actividades propostas pola biblioteca	Día dom libro...	X	X	X
Celebracións varias propostas pola área de Normalización lingüística (Día das Letras galegas, día de Rosalía...)	Día de Rosalía, Letras Galegas...	X	X	X

Observacións:

Seguiranse as actividades propostas pola biblioteca do centro e intentarase facer varias saídas a obras teatrais

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Medidas de atención á diversidade
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade
Clima de traballo na aula
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%)
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%
Grao de motivación continuada do alumnado
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os docentes do nivel
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e alumna

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre os/as mestres/as do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- >Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
- >Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- >Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- >Grao de adquisición de competencias na área.
- >Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- >Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
- >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.

>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

9. Outros apartados